



## **BANDO**

### **1ª CONVOCATORIA PARA SOLICITUDE DE PRAZAS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2024-2025**

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2024-2025

Nesta primeira convocatoria poderán solicitar as nenas e os nenos xa nados ata a data de finalización de solicitude, é dicir ate o 30 de abril de 2024.

Os nenos e as nenas pendentes de nacemento poderán solicitar praza na segunda convocatoria no derradeiro trimestre do ano en curso.

Poderán solicitar praza na Escola Infantil Municipal aquelas e aqueles nenas e nenos con idade entre os 3 meses e os 3 anos, por conseguinte, **os nados a partir do 1 de xaneiro de 2022.**

É obrigatorio que o/a menor e polo menos algún dos proxenitores esté empadroado no Concello de Ponteareas.

Por ser unha escola de integración, pódese solicitar praza para nenas e nenos con discapacidade física, psíquica e sensorial. Neste suposto poderase, logo da valoración técnica, prorrogar a permanencia destas e destes nenas e nenos un ano máis, fóra dos límites da idade.

**Os impresos de solicitude pódense descargar da páxina web do Concello e serán entregados no Rexistro do Concello, debidamente cubertos, en horario de 9 a 13 horas de luns a venres, achegando a documentación solicitada.**

**O prazo de presentación de solicitudes será dende o 1 de abril ao 30 de abril, ambos os dous incluídos.**

No caso de falta de documentación ou defecto na documentación aportada, requirirase aos interesados para a súa subsanación nun prazo máximo de 10 días para a presentación dos documentos pendentes.

A Comisión de Baremación será a encargada de efectuar a selección, aplicando os baremos establecidos pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Ponteareas, 21 de marzo de 2024

A Alcaldesa  
M.ª Nava Castro Domínguez  
Asinado electrónicamente

